

MEMORIA XUSTIFICATIVA

Convenio de cooperación educativa entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e a Universidade da Coruña, a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade de Vigo para realizar prácticas académicas externas, do estudantado de todos os mestrados interuniversitarios de Humanidades do sistema universitario de Galicia, no Centro Ramón Piñeiro para a investigación en Humanidades

O secretario xeral da Secretaría Xeral da Lingua, DECLARA:

Que a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude vén de subscribir un convenio de cooperación educativa entre a Consellería e as Universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo para realizar prácticas académicas externas, do estudantado de todos os mestrados interuniversitarios de Humanidades do sistema universitario de Galicia, no Centro Ramón Piñeiro para a investigación en Humanidades, por un período de vixencia de catro anos, prorrogables, desde a súa sinatura.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer un marco de colaboración entre as partes asinantes, co fin de levar a cabo conxuntamente a formación práctica externa do estudantado no campo propio de calquera dos mestrados interuniversitarios do Sistema Universitario de Galicia (en adiante, SUG), e que se realizarán nas instalacións do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

Que é interese de ambas as partes facilitar a preparación para o exercicio profesional do alumnado universitario mediante a alternancia da súa formación teórica con prácticas profesionais e a súa incorporación futura ao traballo dentro da sociedade.





Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e así mesmo non supón custo económico ningún.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital.

